

No que non se opoña ós preceptos da Lei de defensa da competencia, modificados no presente real decreto lei, os procedementos que se inicien como consecuencia das notificacións obrigatorias previstas naqueles rexe-ranse polo Real decreto 1080/1992, do 11 de setembro, sobre procedemento a seguir polos órganos de defensa da competencia en concentracións económicas e forma e contido da súa notificación voluntaria.

#### Disposición transitoria segunda.

Á entrada en vigor do presente real decreto lei, as existencias de especialidades farmacéuticas que se atopen nos almacéns maioristas e oficinas de farmacia, así como as que lles subministren os laboratorios farmacéuticos con prezos calculados coas antigas marxes poderán ser vendidas ou dispensadas a eses prezos ata o día 30 de abril de 1999.

A partir do día 1 de maio de 1999, as subministracións dos almacéns axustaranse ó establecido neste real decreto lei.

#### Disposición transitoria terceira.

A partir do 1 de maio de 1999, os laboratorios só subministrarán especialidades farmacéuticas nas que figure o prezo calculado de acordo coas novas marxes, ben con novas cartonaxes ou ben reetiquetando as actuais con etiquetas adhesivas.

Para identificar que o prezo de venda ó público está calculado en función da nova marxe, a carón do prezo deberán figura-las siglas M.R.

A etiquetaxe só a efectuará o laboratorio preparador nas súas instalacións centrais.

#### Disposición transitoria cuarta.

A partir do día 1 de maio de 1999, o prezo de venda ó público das especialidades farmacéuticas será o que figure coas siglas M.R. a que se refire a disposición transitoria anterior ou ben o que resulte de realizar sobre o antigo prezo a minoración correspondente.

A facturación das receitas de especialidades farmacéuticas a cargo do Sistema Nacional de Saúde, cerrada ata o día 31 de maio de 1999, liquidarase cos antigos prezos. As facturacións cerradas a partir do 1 de xuño de 1999 liquidaranse cos novos prezos.

#### Disposición derogatoria única.

Derrógase o artigo 5 do Real decreto 2821/1998, do 23 de decembro, polo que se establece a tarifa eléctrica para 1999. Así mesmo, quedan derogadas cantas disposicións se opoñan ó disposto no presente real decreto lei.

#### Disposición derradeira primeira.

Un. Ó abeiro dos artigos 149.1.6.<sup>a</sup> e 149.1.8.<sup>a</sup> da Constitución, ten o carácter de lexislación de aplicación xeral a modificación da disposición adicional segunda da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, reguladora dos colexios profesionais, contida no artigo 1 do presente real decreto lei.

Dous. Ó abeiro dos artigos 149.1.6.<sup>a</sup> e 149.1.8.<sup>a</sup> da Constitución, ten o carácter de lexislación de aplicación xeral a modificación dos reais decretos 1426/1989 e 1427/1989, de 17 de novembro, o Decreto 757/1973, do 29 de marzo, e o Decreto do 15 de decembro de 1950,

en materia de aranceis, contida no artigo 2 do presente real decreto lei.

Tres. Ó abeiro dos artigos 149.1.6.<sup>a</sup>, 149.1.7.<sup>a</sup> e 149.1.20.<sup>a</sup> da Constitución, ten o carácter de lexislación de aplicación xeral a modificación da Lei 48/1960, do 21 de xullo, de navegación aérea, contida no artigo 3 deste real decreto lei.

Catro. Ó abeiro do artigo 149.1.13.<sup>a</sup> e 149.1.25.<sup>a</sup> da Constitución, ten o carácter de lexislación de aplicación xeral o disposto nos artigos 4, 5 e 6 do presente real decreto lei.

Cinco. Ó abeiro do artigo 149.1.21.<sup>a</sup> da Constitución, ten o carácter de lexislación de aplicación xeral o disposto no artigo 7 do presente real decreto lei.

Seis. Ó abeiro do artigo 149.1.14.<sup>a</sup> da Constitución, ten o carácter de lexislación de aplicación xeral o disposto no artigo 8 do presente real decreto lei.

Sete. Ó abeiro dos artigos 149.1.13.<sup>a</sup> e 149.1.16.<sup>a</sup> da Constitución, ten o carácter de lexislación de aplicación xeral o disposto no artigo 9 do presente real decreto lei.

Oito. Ó abeiro dos artigos 149.1.6.<sup>a</sup> e 149.1.13.<sup>a</sup> da Constitución, ten o carácter de lexislación de aplicación xeral a modificación da Lei 16/1989, do 17 de xullo, de defensa da competencia, contida no artigo 10 deste real decreto lei.

#### Disposición derradeira segunda.

O presente real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid, o 16 de abril de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

*(Este real decreto lei inclúese tendo en conta a corrección de erros publicada no «Boletín Oficial del Estado» número 101, do 28 de abril de 1999.)*

**8927** LEI ORGÁNICA 7/1999, do 21 de abril, de modificación da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional. («BOE» 96, do 22-4-1999.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A garantía constitucional da autonomía local aconsella que poidan ser obxecto de impugnación ante o Tribunal Constitucional, por parte dos entes locais, aquelas leis do Estado ou das Comunidades Autónomas que puidesen non resultar respectuosas coa dita autonomía.

Con isto, perfecciónase no noso ordenamento a previsión do artigo 11 da Carta Europea de Autonomía Local, feita en Estrasburgo o 15 de outubro de 1985 e aprobada e ratificada por España o 20 de xaneiro de 1988, que sinala que as entidades locais deben dispor dunha vía de recurso xurisdiccional co fin de asegura-lo libre exercicio das súas competencias e o respecto ós principios de autonomía local consagrados na Constitución

ou na lexislación interna. Neste sentido, o novo procedemento abre unha vía para a defensa específica da autonomía local ante o Tribunal Constitucional que lle permitirá a este desenvolver-la interpretación da garantía constitucional de tal autonomía no marco da distribución territorial do poder.

Para tal efecto, resulta necesario modifica-la Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, regulando, ó abeiro do previsto no artigo 161.1.d), da Constitución, dentro do título IV da devandita lei «Dos conflitos constitucionais», un novo procedemento, denominado «Dos conflitos en defensa da autonomía local», que virá a constituí-lo novo capítulo IV do sinalado título IV.

Para promove-lo conflito en defensa da autonomía local, considérase necesario limita-lo ámbito dos suxeitos lexitimados, de modo que só o estean, dun lado, os municipios ou provincias que sexan únicos destinatarios da correspondente lei e, doutro, un sétimo do número de municipios do ámbito territorial a que afecte aquela, sempre que representen polo menos a un sexto da poboación oficial do ámbito territorial afectado, ou a metade das provincias no mesmo ámbito, sempre que representen, pola súa vez, a metade da poboación oficial do ámbito territorial afectado.

Trátase, en definitiva, de garanti-los intereses dos entes locais afectados ponderando a súa entidade, de modo que aqueles sexan suficientemente representativos e que non se refiran ós propios dos entes locais illadamente considerados.

**Artigo único.** *Modificación da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional.*

Modifícase a Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, nos termos que se indican a seguir:

Primeiro. Engádeselle ó artigo 2.1 da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, unha nova letra d) bis coa seguinte redacción:

«Dos conflitos en defensa da autonomía local.»

Segundo. Engádeselle ó artigo 10 da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, unha nova letra c) bis coa seguinte redacción:

«Dos conflitos en defensa da autonomía local.»

Terceiro. O número 2 do artigo 38 da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, queda redactado como segue:

«As sentencias desestimatorias dictadas en recursos de inconstitucionalidade e en conflitos en defensa da autonomía local impedirán calquera formulación ulterior da cuestión por calquera das dúas vías, fundado na mesma infracción de idéntico precepto constitucional.»

Cuarto. O artigo 59 da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, queda redactado da seguinte maneira:

«1. O Tribunal Constitucional entenderá dos conflitos que se susciten sobre as competencias ou atribucións asignadas directamente pola Constitución, os estatutos de autonomía ou as leis orgánicas ou ordinarias dictadas para delimita-los ámbitos propios do Estado e as comunidades autónomas e que opoñan:

a) O Estado cunha ou máis comunidades autónomas.

b) Dúas ou máis comunidades autónomas entre si.

c) O Goberno co Congreso dos Deputados, o Senado ou o Consello Xeral do Poder Xudicial; ou a calquera destes órganos constitucionais entre si.

2. O Tribunal Constitucional entenderá tamén dos conflitos en defensa da autonomía local que presenten os municipios e provincias fronte ó Estado ou a unha comunidade autónoma.»

Quinto. No título IV da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, créase un novo capítulo IV, coa denominación: «Dos conflitos en defensa da autonomía local», e os seus preceptos teñen a seguinte redacción:

«Artigo 75 bis.

1. Poderán dar lugar á interposición dos conflitos en defensa da autonomía local as normas do Estado con rango de lei ou as disposicións con rango de lei das comunidades autónomas que lesionen a autonomía local constitucionalmente garantida.

2. A decisión do Tribunal Constitucional vinculará tódolos poderes públicos e terá plenos efectos fronte a todos.

Artigo 75 ter.

1. Están lexitimados para presentar estes conflitos:

a) O municipio ou provincia que sexa destinatario único da lei.

b) Un número de municipios que supoñan polo menos un sétimo dos existentes no ámbito territorial de aplicación da disposición con rango de lei, e representen como mínimo un sexto da poboación oficial do ámbito territorial correspondente.

c) Un número de provincias que supoñan polo menos a metade das existentes no ámbito territorial de aplicación da disposición con rango de lei, e representen como mínimo a metade da poboación oficial.

2. Para inicia-la tramitación dos conflitos en defensa da autonomía local será necesario o acordo do órgano plenario das corporacións locais co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros destas.

3. Unha vez cumprido o requisito establecido no punto anterior, e de maneira previa á formalización do conflito, deberá solicitarse dictame, con carácter preceptivo pero non vinculante, do Consello de Estado ou do órgano consultivo da correspondente comunidade autónoma, segundo que o ámbito territorial ó que pertencen as corporacións locais corresponda a varias ou a unha comunidade autónoma. Nas comunidades autónomas que non dispoñan de órgano consultivo, o dictame corresponderalle ó Consello de Estado.

4. As asociacións de entidades locais poderán asisti-los entes locais lexitimados co fin de lles facilita-lo cumprimento dos requisitos establecidos no procedemento de tramitación do presente conflito.

Artigo 75 quater.

1. A solicitude dos dictames a que se refire o artigo anterior deberá formalizarse dentro dos tres meses seguintes ó día da publicación da lei que se entenda que lesiona a autonomía local.

2. Dentro do mes seguinte á recepción do dictame do Consello de Estado ou do órgano consultivo da correspondente comunidade autónoma, os municipios ou provincias lexitimados poderán promover o conflito perante o Tribunal Constitucional, acreditando o cumprimento dos requisitos esixidos no artigo anterior e alegando os fundamentos xurídicos en que se apoia.

#### Artigo 75 quince.

1. Formulado o conflito, o Tribunal poderá acordar, mediante auto motivado, a súa non-admisión por falta de lexitimación ou outros requisitos esixibles e non emendables ou cando estiver notoriamente infundada a controversia suscitada.

2. Admitido a trámite o conflito, no termo de diez días, o Tribunal dará traslado deste ós órganos lexislativo e executivo da comunidade autónoma da que emanase a lei, e en todo caso ós órganos lexislativo e executivo do Estado. A constitución como parte e a formulación de alegacións deberán realizarse no prazo de vinte días.

3. A formulación do conflito será notificada ós interesados e publicada no correspondente diario oficial polo propio Tribunal.

4. O Tribunal poderá solicitar das partes cantas informacións, aclaracións ou precisións xulgue necesarias para a súa decisión e resolverá dentro dos quince días seguintes ó termo do prazo de alegacións ou do que, se é o caso, se fixase para as informacións, aclaracións ou precisións complementarias antes aludidas.

5. A sentenza declarará se existe ou non vulneración da autonomía local constitucionalmente garantida, e determinará, segundo proceda, a titularidade ou atribución da competencia controvertida, e resolverá, se é o caso, o que proceda sobre as situacións de feito ou de dereito creadas en lesión da autonomía local.

6. A declaración, se é o caso, de inconstitucionalidade da lei que dese lugar ó conflito requirirá unha nova sentenza se o pleno decide considera-la cuestión trala resolución do conflito que declare que houbo vulneración da autonomía local. A cuestión substanciarase polo procedemento establecido nos artigos 37 e concordantes e terá os efectos ordinarios previstos nos artigos 38 e seguintes.»

Sexto. Engádense dúas novas disposicións adicionais á Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, co seguinte contido:

#### «Disposición adicional terceira.

1. As referencias ás provincias contidas nesta lei entenderanse realizadas ás illas nas comunidades autónomas das Illes Balears e Canarias.

2. Ademais dos suxeitos lexitimados de acordo co artigo 75 ter.1 estarano tamén, fronte a leis e disposicións normativas con rango de lei da Comunidade Autónoma de Canarias, tres cabidos, e da Comunidade Autónoma das Illes Balears, dous consellos insulares, aínda cando en ámbolos casos non se alcance a porcentaxe de poboación esixida no dito precepto.

#### Disposición adicional cuarta.

1. Os conflitos de competencia que se poidan suscitar entre as institucións da Comunidade Autónoma do País Vasco e as de cada un dos seus territorios históricos rexeranse polo disposto no artigo 39 do seu Estatuto de autonomía.

2. No ámbito da Comunidade Autónoma do País Vasco, ademais dos suxeitos lexitimados a que se refire o artigo 75 ter.1, estarano tamén, para os efectos dos conflitos regulados no artigo 75 bis desta lei, as correspondentes xuntas xerais e as deputacións forais de cada territorio histórico, cando o ámbito de aplicación da lei afecte directamente a dita comunidade autónoma.»

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 21 de abril de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

**8928** LEI ORGÁNICA 8/1999, do 21 de abril, de modificación da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral. («BOE» 96, do 22-4-1999.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

#### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As modificacións da Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral, que veñen a completar e precisa-las realizadas pola Lei orgánica 8/1991, do 13 de marzo, céntranse en dúas cuestións relacionadas coa mellora do goberno local:

1.<sup>a</sup> Nova regulación das mocións de censura a nivel local introducindo unha convocatoria automática do pleno que debe discutila co fin de evita-la situación producida nalgúns casos de que o alcalde non convoque o citado pleno, obrigando os concelleiros interesados a interpoñeren os recursos xurisdiccionais correspondentes.

2.<sup>a</sup> A introducción da cuestión de confianza vinculada a proxectos concretos, como son a aprobación dos orzamentos da corporación, do regulamento orgánico, das ordenanzas fiscais e a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos instrumentos de planeamento xeral de ámbito municipal. Trataríase con isto de dota-las concellos dun instrumento que permita supera-las situacións de rixidez ou de bloqueo no proceso de tomas de decisións nas materias sinaladas, que teñen a máxima transcendencia no desenvolvemento do goberno municipal.

As diferencias establecidas en función da poboación dos municipios obedecen ó distinto sistema de elección previsto en ámbolos casos.

Así mesmo, prevese a posibilidade de aplica-la cuestión de confianza por parte dos presidentes das deputacións e cabidos insulares, nos dous primeiros supostos antes indicados, así como na aprobación dos plans de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal e nos plans de ordenación de ámbito insular.

A aplicación destes artigos que se modifican seguirá rexéndose polas mesmas regras actualmente contidas no artigo 209 e na disposición adicional primeira da lei.